



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación oficial da materia de Guitarra Eléctrica

Curso 2025/2026



Índice

1.	<i>Introdución</i>	3
2.	<i>Metodoloxía</i>	4
3.	<i>Atención á diversidade</i>	5
4.	<i>Temas transversais</i>	6
5.	<i>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</i>	8
6.	<i>Secuenciación do curso</i>	8
6.1.	Curso: 1º Grao Elemental.....	8
6.2.	Curso: 2º Grao Elemental.....	15
6.3.	Curso: 3º Grao Elemental.....	25
6.4.	Curso: 4º Grao Elemental.....	35
6.5.	Curso: 1º Grao Profesional.....	43
6.6.	Curso: 2º Grao Profesional.....	54
7.	<i>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</i>	66
8.	<i>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</i>	66
9.	<i>ANEXOS</i>	68
9.1.	Probas de acceso 1º de grao profesional.....	68
9.3.	Probas de acceso a 2º de grao profesional	71



1. Introducción

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dadas para a comunidade autónoma de Galicia no posterior *Decreto de 27 de Setembro de 2007, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música*.

A finalidade do **grao elemental** das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O **grao profesional** ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro e defínense na comunidade autónoma de Galicia no *Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.



2. Metodoloxía

No grao elemental, o alumnado contará cunha clase individual e unha clase colectiva. A clase colectiva complementará os contidos da clase individual e fomentará o traballo en grupo.

As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Aprendizaxe de cancións e temas instrumentais, e traballo de exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.
- Traballo das características estilísticas e das técnicas dos diferentes xéneros que conforman a música moderna e o jazz.
- Traballo da improvisación e da harmonía.
- Traballo da lectura a primeira vista.
- Traballo de lectura de *lead sheets*
- Transcrición de temas, solos ou cancións.
- Traballo con *Play along* como práctica das diferentes partes do conxunto e a improvisación ou cun pedal *looper* creando os propios acompañamentos ou as diferentes partes.
- Audicións que permitan a mellora da capacidade crítica do alumnado e que favorezan a estimulación da práctica na casa.
- Traballo de música en grupo nas clases colectivas.
- Participación nas audicións propostas polo departamento co fin de exteriorizar o traballo realizado ao longo do curso.
- Audición e análise de grandes interpretes.

No grao profesional, alumnado contará cunha clase individual. As actividades didácticas que se levarán a cabo nas clases son as seguintes:

- Aprendizaxe de cancións e temas instrumentais, e traballo de exercicios que permitan o desenvolvemento dos obxectivos e contidos propios do curso.



- Traballo das características estilísticas e das técnicas dos diferentes xéneros que conforman a música moderna e o jazz.
- Traballo da improvisación e da harmonía.
- Traballo con *Play along* como práctica das diferentes partes do conxunto e a improvisación ou cun pedal *looper* creando os propios acompañamentos ou as diferentes partes.
- Traballo de lectura a primeira vista.
- Traballo de lectura de *lead sheets*
- Transcrición de temas, solos ou cancións.
- Participación en audicións e actividades programadas polo departamento.
- Traballo e experimentación cos efectos, amplificadores, controis do instrumento, etc. para coñecer as distintas posibilidades sonoras que ofrece o equipamento e saber adaptalas a cada situación musical concreta.
- Utilización dun equipo de gravación para rexistrar a interpretación da parte de guitarra dos temas ou cancións traballadas.
- Audicións de cancións ou temas instrumentais de diferentes estilos.
- Audicións e análise de grandes intérpretes.
- Traballos escritos de contextualización do repertorio que se vai a interpretar.

3. Atención á diversidade

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio, cunha gran capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanza xerais. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Teremos un alumnado diferente en canto a motivacións,



aptitudes e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá aplicar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico.
2. Variacións da metodoloxía.
3. Proposta de actividades de traballo alternativas.
4. Organización do traballo de forma flexible.
5. Cambio na temporalización dos novos contidos.

4. Temas transversais

4.1. Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter colaborador e de participación da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz, poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A importancia da tecnoloxías na música moderna e enorme e evidente.



Os avances nesta materia permiten na actualidade crear música usando tan só medios tecnolóxicos e achegan os medios de gravación, edición e produción, que fai unhas décadas só tiñan os estudos profesionais, a todas as persoas. Os TIC's permiten que todos os creadores teñan a posibilidade de compartir as súa música en múltiples medios.

Internet é, tamén, unha fonte inmensa de contidos e materiais para o aprendizaxe e a práctica (partituras, tutoriais, demos, interpretacións, concertos...). Os recursos son enormes, é poden resultar caóticos para os máis novos. Por iso, o papel orientador do profesor é fundamental, propoñendo materiais axeitados e axudando a distinguir a información útil e importante.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Empregaranse os seguintes materiais audiovisuais na aula:

- Acompañamentos en formato dixital como apoio para o estudo.
- Plataformas dixitais como YouTube, Spotify, etc. para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical.
- Emprego dos motores de busca para recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc.
- Lectura de blogs relacionados coa música moderna e a educación (posibilidade de sindicación).
- Uso de software para a gravación.
- O material en formato electrónico (partituras, textos, presentacións, etc.) tamén será útil, xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado e o seu rápido acceso na aula.
- Emprego de cámaras de vídeo, gravadoras, tablets, etc. para analizar na aula as propias interpretacións.



5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

- Participación nas audicións e concertos que se realicen durante o curso
- Organización de cursos, intercambios e outras actividades que se programen durante o curso.
- Asistencia a concertos tanto dentro como fora do centro.

6. Secuenciación do curso

6.1. Curso: 1º Grao Elemental

6.1.1. Obxectivos

- Adoptar unha correcta posición básica no instrumento como base para un axeitado desenvolvemento instrumental.
- Desenvolver as principais técnicas instrumentais da guitarra eléctrica.
- Coñecer as características técnicas do instrumento introducindo os accesorios, os efectos e o material de amplificación e de ecualización.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dos xéneros musicais que forman parte da música moderna e o *jazz*.

6.1.2. Contidos

- Coñecemento das notas do diapasón ata o traste VII.
- Colocación corporal, colocación do instrumento respecto ao corpo e colocación do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos respecto ao instrumento.
- Técnica man dereita:
 - Iniciación ás técnicas de puga: puga directa (*downstroke*) e puga alterna (*alternate picking*).
- Técnica man esquerda:



- Colocación dos dedos sobre o diapasón e pulsación básica.
- Intervalos.
- Acordes:
 - Tríadas maior e menor.
 - *Power chords*
 - *Voicings*:
 - Acordes maiores e menores en posicións abertas.
- Iniciación os métodos de acompañamento:
 - Batidas (*strumming*)
 - Arpexos
 - *Riffs*.
 - *Palm muting*
- Iniciación ao cifrado americano e a lectura de *lead sheets*.
- Cifrado numérico de intervalos.
- Diagramas de acordes.
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, cancións e temas instrumentais do repertorio da música moderna que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.
- Partes do instrumento e funcións dos controis de ton e volume e selector de pastillas.
- Obtención do son: pastillas, cables, amplificador. Ecualización básica.



- Introducción aos pedais de efectos: overdrive e distorsión.
- Afinación con afinador electrónico.

6.1.3. Avaliación

O profesorado avaliará aos seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

6.1.4. Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favoreza correcta colocación do instrumento, a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e os dereitos no agarre da púa e o seu uso.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra eléctrica.
- Demostrar un coñecemento da harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste VII.
- Realizar acompañamentos a partir de *lead sheet* acordes ao nivel do curso.
- Memorizar e interpretar textos musicais do nivel correspondente ao curso empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao contido.
- Tocar en grupo adaptándose ao resto dos instrumentos e a súa función no mesmo.



- Interpretar en público, como solista repertorio representativo do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Afinar correctamente o instrumento usando un afinador electrónico.
- Usar as posibilidades sonoras que ofrecen os accesorios, os pedais, o equipo de amplificación e as características técnicas do instrumento para adaptarse ás necesidades musicais concretas.

6.1.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Empregar unha axeitada posición do corpo e da guitarra eléctrica na práctica instrumental e un correcto agarre da puga.
- Tocar melodías e *riffs* adecuados ao nivel usando as técnicas de puga directa e puga alterna.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra na primeira posición.
- Conectar correctamente o instrumento os accesorios e o equipo de amplificación.
- Afinar correctamente mediante un afinador electrónico.

2ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais.
- Coñecer os *voicings* dos acordes maiores e menores en posicións abertas.
- Realizar ritmos sinxelos mediante batidas.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste V.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais.
- Tocar as escalas maior, dórica e pentatónica menor (dúas oitavas).
- Interpretar cancións ou *riffs* con *power chords*.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.



- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste V.

6.1.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

6.1.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------

A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

6.1.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados



os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder dita ampliación.

6.1.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

6.1.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.1.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De estre eses contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------



6.1.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Berklee Basic Guitar Phase 1” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Guitar Basics” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)

6.1.13. Repertorio orientativo

▪ Country/Folk	
“Knocking on Heaven’s door” (1973)	Bob Dylan
“All along the watchtower” (1968)	Bob Dylan
“Man in black” (1969)	Johnny Cash
▪ Funk/Soul/Disco/R&B	
“Riot” (2019)	Summer Walker
▪ Pop	
“Everybody hurts” (1992)	R.E.M.
“Wonderwall” (1995)	Oasis
“House of the rising sun” (1964)	The Animals
“Money (That’s what I want)” (1963)	The Beatles
“The word” (1965)	The Beatles
“Two of us” (1970)	The Beatles



■ Rock	
"Dirty deeds" (*) (1976)	AC/DC
"TNT" (*) (1975)	AC/DC
"Hungry heart" (1980)	Bruce Springsteen
"Run to you" (1984)	Bryan Adams
"Maybe baby" (1957)	Buddy Holly
"Have you ever seen the rain?" (1970)	Creedence Clearwater R.
"Rumble" (1958)	Link Wray
"Come as you are" (1991)	Nirvana
"Animal instinct" (1999)	The Cranberries
"You really got me" (*) (1964)	The Kinks
(*) excepto <i>solo</i>	

6.2. Curso: 2º Grao Elemental

6.2.1. Obxectivos

- Adoptar unha correcta posición básica no instrumento como base para un axeitado desenvolvemento instrumental.
- Desenvolver progresivamente as principais técnicas instrumentais da guitarra eléctrica.
- Coñecer as características estilísticas básicas dos principais xéneros da música moderna.
- Adquirir as competencias necesarias e os coñecementos harmónicos para improvisar dentro das exixencias do nivel.



- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Ser capaz de interpretar partituras, guións e *lead sheets* axeitados ao nivel.
- Coñecer as características técnicas do instrumento introducindo os accesorios, os efectos e o material de amplificación e de ecualización.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dos xéneros musicais que forman parte da música moderna e o jazz.

6.2.2. Contidos

- Coñecemento das notas do diapasón ata o traste XII.
- Técnica man dereita:
 - Técnicas de puga
 - Métodos de extinción do son: apagadores.
 - Iniciación ao *fingerpicking*: arpexios.
- Técnicas de man esquerda:
 - Ligados (hammer-on e pull-off).
 - Celas.
 - Métodos de extinción do son: apagadores
 - Iniciación a técnica de *bend*.
 - Iniciación a técnica de *slide*.
 - Iniciación ao *vibrato*.
- Harmónicos naturais.
- Tríada disminuída.
- Acordes:
 - Tríada disminuída.
 - Cuatríadas: 7



- *Voicings*:
 - Acordes tríadas maior e menor de cella con fundamental (*root*) en quinta e sexta corda
 - Acordes cuatríadas 7 en posicións abertas.
 - Acordes cuatríadas 7 de cella con fundamental en cuarta, quinta e sexta corda.
- Escalas:
 - Iniciación o sistema de posicións.
 - Modo xónico/maior.
 - Pentatónica maior e menor.
 - Escala de blues
 - Cromática.
- Relación acorde-escala no sistema de posición
- Métodos de acompañamento:
 - Afondamento na técnica de batidas (*strumming*).
 - Iniciación *muting/scratching*
 - *Riffs*.
- Cifrado americano e lectura de *lead sheets*.
- Iniciación a improvisación
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- Iniciación o *Blues*:
 - Ritmo: *shuffle*
 - *Boogie* (*riff* de *shuffle*).
 - *Blues* de 12 compases



- *Turnaround.*
 - *Blue notes.*
 - Iniciación o fraseo *blues*, a linguaxe e os recursos de solista.
- Dinámica e agónica.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Adestramento do oído: transcripción de temas e cancións
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, cancións e temas instrumentais do repertorio da música moderna que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.
- Obtención do son: ecualización (amplificador, pedais, controis da guitarra).
- Introducción aos efectos de guitarra eléctrica: delay (I) (analóxico e dixital) e reverb.
- Afinación por harmónicos naturais.

6.2.3. Avaliación

O profesorado avaliará aos seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.



6.2.4. Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favorezca correcta colocación do instrumento, a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e os dereitos no agarre da púa e o seu uso.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra eléctrica.
- Demostrar un coñecemento da harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste XII.
- Realizar un acompañamento a partir dun *lead sheet* acorde ao nivel do curso.
- Memorizar e interpretar textos musicais do nivel correspondente ao curso empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao contido.
- Tocar en grupo adaptándose ao resto dos instrumentos e a súa función no mesmo.
- Interpretar en público, como solista repertorio representativo do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Afinar correctamente o instrumento por harmónicos naturais.
- Usar as posibilidades sonoras que ofrecen os accesorios, os pedais, o equipo de amplificación e as características técnicas do instrumento para adaptarse ás necesidades musicais concretas.

6.2.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais.
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.
- Interpretar *riffs* usando a técnica de *palm muting*.



- Arpexiar acordes e tocar melodías mediante a técnica de *fingerpicking*.

2ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *blues*).
- Coñecer a estrutura básica do *blues* de 12 compases, o riff do *boogie* e a escala de *blues*.
- Coñecer os *voicings* dos acordes de cella maiores e menores con fundamental nas cordas 5 e 6.
- Coñecer a técnica de *scratching/muting*.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste IX.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *blues*).
- Interpretar melodías que conteñan *bends* e *slides* adecuados ao nivel.
- Improvisar basicamente coa escala pentatónica sobre un ritmo de blues.
- Coñecer o emprazamento das notas no diapasón da guitarra ata o traste XII.

6.2.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.



6.2.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------

A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

6.2.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.2.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para o alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser



superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

6.2.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.2.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De estre eses contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.2.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Berklee Basic Guitar Phase 2” William Leavitt (Ed. Berklee Press)



- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Guitar Basics” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Rhythm Guitar” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Guitar Soloing” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)

6.2.13. Repertorio orientativo

▪ Country/Folk	
“Cry cry cry” (1956)	Johnny Cash
“Hurt” (2002)	Johnny Cash
“Reason to believe” (1965)	Tim Hardin
▪ Blues	
“I’ll believe I’ll dust my broom” (1937)	Robert Johnson
“She’s turff” (19879)	Fabulous Thunderbirds
“Baby, How long?” (1954)	Howlin’ Wolf
“I’m leaving you” (*) (1955)	Howlin’ Wolf
“I just want to make love to you” (1954)	Muddy Waters
▪ Funk/Soul/Disco/R&B	
“God is a woman” (2018)	Ariana Grande
“Green onion” (1962)	Booker T. & The MG’s
“Idgaf” (2017)	Dua Lipa
“Papa’s got a brand new bag” (1965)	James Brown



"My girl" (1964)	The Temptations
■ Pop	
"Song 2" (1997)	Blur
"Come together" (1969)	The Beatles
"Daytripper" (1966)	The Beatles
"No reply" (1964)	The Beatles
"Bus stop" (1966)	The Hollies
■ Rock	
"Problem child" (*) (1977)	AC/DC
"Like a stone" (*) (2002)	Audioslave
"Pink cadillac" (1985)	Bruce Springsteen
"Summer of 69" (1984)	Bryan Adams
"I'm looking for something to love" (1957)	Buddy Holly
"Fortunate son" (1969)	Creedence Clearwater R.
"Who'll stop the rain" (1970)	Creedence Clearwater R.
"Saturday night" (1978)	Herman Brood
"Communication breakdown" (1969)	Led Zeppelin
"Simple man" (1973)	Lynyrd Skynard
"Smells like a teen spirit" (1991)	Nirvana
"La bamba" (1957)	Ritchie Valens
"Should I stay or should I go" (1982)	The Clash



“Zombie” (1993) “You really got me” (1964) “I can´t explain” (1965) “My generation” (1965) “Jailbreak” (*) (1976)	The Cranberries The Kinks The Who The Who Thin Lizzy
■ Heavy Metal	
“Iron Man” (*) (1970) “Breaking the law” (*) (1980) “Rock you like a hurricane” (*) (1984) “Riot act” (*) (1991)	Black Sabbath Judas Priest Scorpions Skid Row
■ Fingerpicking	
“Lost” (2004) “The animals were gone” (2006) “We´re going to be friends” (2001)	Anouk Damien Rice The White Stripes
(*) excepto solos	

6.3. Curso: 3º Grao Elemental

6.3.1. Obxectivos

- Adoptar unha correcta posición básica no instrumento como base para un axeitado desenvolvemento instrumental.
- Desenvolver progresivamente as principais técnicas instrumentais da guitarra eléctrica.



- Coñecer as características estilísticas básicas dos principais xéneros da música moderna.
- Adquirir as competencias necesarias e os coñecementos harmónicos para improvisar dentro das exixencias do nivel.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Ser capaz de interpretar partituras, guións e *lead sheets* axeitados ao nivel.
- Coñecer as características técnicas do instrumento introducindo os accesorios, os efectos e o material de amplificación e de ecualización.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dos xéneros musicais que forman parte da música moderna e o *jazz*.

6.3.2. Contidos

- Coñecemento de todas as notas do diapasón.
- Técnica man dereita:
 - Técnicas de puga
 - *Fingerpicking*: acordes placados de tres e catro notas
- Técnicas de man esquerda:
 - Ligados (hammer-on e pull-off).
 - Iniciación cellas cos dedos 2, 3 e 4 e finger-roll
 - Afondamento na técnica de *bend*.
 - Afondamento na técnica de *slide*.
 - *Vibrato*
- Acordes:
 - Cuatríadas: maj 7, m7, m7 (b5) e °7
 - *Voicings*:



- Acordes cuatríadas *maj7*, *m7*, *m7(b5)* e *°7* en posicións abertas.
- Acordes cuatríadas *maj7*, *m7*, *m7(b5)* e *°7* de cella con fundamental en cuarta, quinta e sexta corda.
- Escalas:
 - Conexión entre posicións.
- Arpexios:
 - Tríadas maiores e menores
 - Sistema de posicións.
- Relación acorde-arpexio-escala no sistema de posicións.
- Cifrado americano e lectura de *lead sheets*.
- Iniciación ás tabulaturas.
- Iniciación a improvisación
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- *Blues*:
 - *Walking lines* e *bass riffs*.
 - Variacións do *Boogie*
 - Intros/Finais
 - Variacións do *Turnaround*
 - *Boogie* dun acorde.
 - Fraseo *blues*. Linguaxe e recursos do solista.
- Dinámica e agoxica.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Adestramento do oído: transcripción de temas e cancións
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.



- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, cancións e temas instrumentais do repertorio da música moderna que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Práctica de conxunto.
- Obtención do son: ecualización (amplificador, pedais, controis da guitarra).
- Uso e función dos efectos para guitarra: modulación (1): *chorus*, *phase*, *flanger*, *tremolo*.
- Afinación por intervalos (quintas e oitavas).

6.3.3. Avaliación

O profesorado avaliará ao seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

6.3.4. Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favoreza correcta colocación do instrumento, a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e os dereitos no agarre da púa e o seu uso.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra eléctrica.
- Demostrar un coñecemento da harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.



- Coñecer o emprazamento de todas as notas no diapasón da guitarra.
- Realizar un acompañamento a partir dun “lead sheet” acorde ao nivel do curso.
- Memorizar e interpretar textos musicais do nivel correspondente ao curso empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao contido.
- Tocar en grupo adaptándose ao resto dos instrumentos e a súa función no mesmo.
- Interpretar en público, como solista repertorio representativo do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Afinar correctamente o instrumento mediante oitavas e quintas.
- Usar as posibilidades sonoras que ofrecen os accesorios, os pedais, o equipo de amplificación e as características técnicas do instrumento para adaptarse ás necesidades musicais concretas.

6.3.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluído un en *fingerpicking*) .
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.
- Coñecer e aplicar as técnicas de ligados (*hammer-on* e *pull-off*) e vibrato.
- Realizar acompañamentos con acordes de tres e catro notas placados cos dedos

2ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *blues*).
- *Blues*: coñecer unha variación do *turnaround*, un *bass-riff* de e o *boogie* dun acorde.
- Improvisar sobre un *blues* de 12 compases.



- Coñecer os *voicings* dos acordes de cella maj7, 7, m7 e m7(b5) con fundamental nas corda 5.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais.
- Coñecer unha posición do arpexio da triada maior e outra do menor.
- Improvisar usando a escala maior e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Coñecer os *voicings* dos acordes de cella maj7, 7, m7, m7(b5) e °7 con fundamental nas corda 6.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.
- Ser capaz de ler tabulaturas.

6.3.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

6.3.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------



A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

6.3.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.3.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para os alumnos que teñan a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.



6.3.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.3.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De entre estes contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.3.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Guitar Basics” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Rhythm Guitar” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Guitar Soloing” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Fingerpicking Blues” Arr. Chad Johnson (Ed. Hal Leonard)



6.3.13. Repertorio orientativo

Country/Folk	
"Me and Bobby McGee" (1971)	Janis Joplin
"Tennessee flat top box" (1961)	Johnny Cash
Blues	
"Buddy's blue" (1983)	Buddy Guy
"I'm your hoochie coochie man" (1954)	Muddy Waters
"I want to be loved" (*) (1977)	Muddy Waters
"Sweet home Chicago" (1936)	Robert Johnson
Funk/Soul/Disco/R&B	
"Love yourself" (2015)	Justin Bieber
"I've been looving you too long" (1965)	Otis Reading
"Super freak" (1981)	Rick James
"Supertitions" (1972)	Stevie Wonder
"Stronger than me" (2003)	Amy Winehouse
Pop	
"Time after time" (1983)	Cindi Lauper
"Wonderful tonight" (1977)	Eric Clapton
"Devil inside" (1987)	INXS
"Shinny happy people" (2003)	R.E.M.
"Come together" (1969)	The Beatles



“Dr. Robert” (1966) “Get back” (1970) “What you’re doing” (1964)	The Beatles The Beatles The Beatles
■ Rock	
“Rock’n’roll damnation” (1978) “Touch too much” (1979) “Until we fall” (2006) “Dandelion” (2005) “I’m on fire” (1984) “It’s so easy” (1957) “Lodi” (1969) “Proud Mary” (1969) “Burn the witch” (2005) “The chain” (1996) “Californication” (1999) “Do anything you want to do” (1979)	AC/DC AC/DC Audioslave Audioslave Bruce Springsteen Buddy Holly Creedence Clearwater R. Creedence Clearwater R. Queens Of The Stone Age Mr. Big Red Hot Chili Peppers Thin Lizzy
■ Heavy Metal	
“Paranoid” (*) (1970) “Reckless life” (*) (1988) “Turbo lover” (*) (1986) “Crawling” (2000)	Black Sabbath Guns’n’Roses Judas Priest Linkin Park



■ Fingerstyle	
"Ain't no sunshine" (1971)	Billy Whilters
"We don't talk anymore" (2016)	Charlie Puth
"Baby please don't go" (1937)	J. L. Williams (arr.C. Johnson)
"Solitude" (2010)	Joe Satriani
"Speak your heart" (2008)	Lizz Wright
"No excuses" (2016)	Needtobreathe
(*) excepto <i>solo</i>	

6.4. Curso: 4º Grao Elemental

6.4.1. Obxectivos

- Adoptar unha correcta posición básica no instrumento como base para un axeitado desenvolvemento instrumental.
- Desenvolver progresivamente as principais técnicas instrumentais da guitarra eléctrica.
- Coñecer as características estilísticas básicas dos principais xéneros da música moderna.
- Adquirir as competencias necesarias e os coñecementos harmónicos para improvisar dentro das exixencias do nivel.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Ser capaz de interpretar partituras, guións e *lead sheets* axeitados ao nivel.
- Coñecer as características técnicas do instrumento introducindo os accesorios, os efectos e o material de amplificación e de ecualización.



- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dos xéneros musicais que forman parte da música moderna e o *jazz*.

6.4.2. Contidos

- Técnica man dereita:
 - Técnicas de puga
 - Iniciación ao *tapping*.
 - *Fingerpicking*: melodía acompañada.
- Técnicas de man esquerda:
 - Ligados (hammer-on e pull-off).
 - Cellas
 - Afondamento na técnica de *bend*.
 - Afondamento na técnica de *slide*.
 - *Vibrato*: práctica dos diferentes tipos.
- Intervalos compostos.
- Acordes:
 - Tríadas: sus2, sus4
 - Cuatríadas: 7sus4, 9, #9, add9
 - Voicings:
 - Acordes tríadas sus2 e sus4 en posición aberta.
 - Acordes tríada sus2 e sus4 de cella con fundamental (*root*) en cuarta, quinta e sexta corda.
 - Acordes cuatríadas add9 en posición aberta.
 - Acordes cuatríada add2 de cella con fundamental (*root*) en cuarta, quinta e sexta corda.



- Acorde cuatríadas: 9 (R379) e #9 (R37#9)
- Escalas:
 - Modos da escala maior: xónico, dórico, frixio, lidio, mixolidio, eólico e locrio.
 - Conexión de posicións ao longo do diapasón.
- Arpexios:
 - Cuatríadas: *maj7*, *m7*, *7*, *m7(b5)* e *º7*
 - Sistema de posicións.
- Relación acorde-arpexio-escala no sistema de posicións
- Cifrado americano e lectura de *lead sheets*.
- Tabulatura
- Improvisación
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- *Blues*:
 - Acompañamento con acordes e *chord riffs*.
 - Uso da escala mixolidia no *blues*.
 - Fraseo *blues*. Linguaxe e recursos do solista.
- Iniciación aos *double-stops*.
- Dinámica e agoxica.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos.
- Adestramento do oído: transcripción de temas e cancións
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, cancións e temas instrumentais do repertorio da música moderna que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.



- Práctica de conxunto.
- Obtención do son: ecualización (amplificador, pedais, controis da guitarra).
- Uso e función dos efectos para guitarra: *booster* e ecualizadores.

6.4.3. Avaliación

O profesorado avaliará ao seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

6.4.4. Criterios de avaliación

- Empregar unha axeitada posición corporal na práctica instrumental que posibilite e favoreza correcta colocación do instrumento, a acción do conxunto brazo-antebrazo-pulso-mans-dedos esquerdos sobre o diapasón, e os dereitos no agarre da púa e o seu uso.
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas básicas da guitarra eléctrica.
- Demostrar un coñecemento da harmonía e a súa aplicación práctica no instrumento a partir do traballo de acordes e escalas axeitados ao nivel do alumno.
- Coñecer o emprazamento de todas as notas no diapasón da guitarra.
- Realizar un acompañamento a partir dun “lead sheet” acorde ao nivel do curso.
- Memorizar e interpretar textos musicais do nivel correspondente ao curso empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao contido.



- Tocar en grupo adaptándose ao resto dos instrumentos e a súa función no mesmo.
- Interpretar en público, como solista repertorio representativo do seu nivel no instrumento, con seguridade e control da situación.
- Usar as posibilidades sonoras que ofrecen os accesorios, os pedais, o equipo de amplificación e as características técnicas do instrumento para adaptarse ás necesidades musicais concretas.

6.4.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais.
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

2ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *blues*).
- Realizar o *comping* dun *blues* de 12 compases con acordes e *chord riffs*.
- Improvisar sobre un *blues* de 12 compases.
- Coñecer os *voicings* dos acordes *sus2* e *sus4* con cella e en posición aberta.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un en *fingerstyle*).
- Coñecer os *voicings* dos acordes *sus2* e *sus4* con cella e en posición aberta.



- Coñecer unha posición de todos os modos da escala e relacionalos mediante o sistema de posicións.
- Coñecer unha posición dos arpexios *maj7*, *7*, *m7* e *m7(b5)*.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

6.4.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

6.4.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------

A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.



6.4.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.4.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrárase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que non foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para o alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

6.4.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------



6.4.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De entre estes contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade <u>25%</u>	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	--------------------------	-----------------	---------------------

6.4.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Guitar Basics” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Rhythm Guitar” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Guitar Soloing” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Fingerpicking Blues” Arr. Chad Johnson (Ed. Hal Leonard)

6.4.13. Repertorio orientativo

▪ Blues	
“Hide away” (1961)	Freddie King
▪ Pop	



“Because” (1969)	The Beatles
“Drive my car” (1965)	The Beatles
▪ Rock	
“Green River” (1969)	Creedence Clearwater R.
“Johnny B. Goode” (1958)	Chuck Berry
“Message in a bottle” (1979)	The Police
▪ Hard rock/Rock alternativo	
“Highway to hell” (1979)	AC/DC
“Getaway car” (2002)	Audioslave
“Exo politics” (2006)	Muse
“In my head” (2005)	Queens Of The Stone Age
“Dancing in the moonlight” (1977)	Thin Lizzy
▪ Fingerpicking	
“Hang me, Oh Hang me” (1962)	Dave Van Ronk
“Bright lights, big city” (1961)	Jimmy Reed (arr. C. Johnson)

6.5. Curso: 1º Grao Profesional

6.5.1. Obxectivos

- Desenvolver a velocidade e traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.



- Coñecer as características técnicas, estilísticas, harmónicas e formais dos diferentes xéneros da música moderna e o *jazz*.
- Ser capaz de crear acompañamentos, liñas melódicas e *licks* propios de acordo as características estilísticas de cada xénero musical, usando adecuadamente os coñecementos técnico-instrumentais e teórico-harmónicos.
- Adquirir as competencias necesarias e os coñecementos harmónicos para improvisar nos diferentes xéneros musicais segundo o seu propio estilo e as súas características idiomáticas.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Interpretar un repertorio composto por obras representativas dos diferentes estilos de dificultada adecuada a este nivel, amosando sensibilidade e capacidade expresiva tanto na interpretación como na improvisación.
- Interpretar con fluidez partituras, guións e *lead sheets* axeitados ao nivel.
- Valorar os diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e o *jazz* e coñecer a historia e evolución do instrumento e as súas características en relación coa a evolución dos mesmos.
- Coñecer as características técnicas do instrumento e os seus accesorios, pedais, materiais de amplificación e de ecualización e as posibilidades sonoras que ofrecen.

6.5.2. Contidos

- Desenvolvemento da independencia e coordinación das dúas mans de forma progresiva mediante exercitacións mecánicas.
- Técnica man dereita:
 - *Tapping*.
 - Iniciación ao *hybrid picking*.



- *Rakes.*
- *Bare fingerpicking.*
- *Fingerpicking*: iniciación técnicas de percusión.
- Harmónicos artificiais.
- Técnicas de man esquerda:
 - *Slaping/muting.*
- Acordes:
 - Cuatríadas: acordes de novena, oncena, trecena e *7sus*.
 - *Voicings*:
 - Acordes tríadas e as súas inversións en posicións cerradas na extensión do diapasón nos diferentes rexistros.
 - *Drop 2*: acordes *maj7*, *7*, *m7*, *m7(b5)* e *°7* en estado fundamental en rexistro grave.
 - *Drop 3*: acordes *maj7*, *7*, *m7*, *m7(b5)* e *°7* en estado fundamental e inversións rexistro agudo e intermedio.
- Escalas:
 - Escala menor harmónica e modos derivados
 - Sistema de posicións. Conexión de posicións ao longo do diapasón.
- *Double-stops.*
- Cifrado americano e a lectura de *lead sheets*.
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- *Blues*:
 - Estilo *Texas*/Estilo *Chicago*.
 - *Voicing* característicos.
 - *Slow blues* e *fast blues*.



- Recursos do solista e fraseo *blues*.
- Iniciación o *Jazz*:
 - O *swing*
 - Iniciación ao *comping* e o *voice leading*
 - Iniciación o fraseo de *jazz*.
 - Tonalidade maior e modos derivados. Tensións dispoñibles e notas a evitar.
 - Harmonización diatónica dos modos
 - Resolución de dominante. Escalas relacionadas.
 - Segundos relativos e engadidos
 - Dominante secundaria.
 - Interpretación de *standards* e improvisación sobre á súa progresión harmónica.
- Iniciación ao *funk*:
 - A guitarra no *funk*, o *soul*, o *R&B* e a música *disco*.
 - O *groove*.
 - *Voicings* característicos.
 - Técnicas de acompañamento:
 - Batidas de semicorcheas (*16th strumming*).
 - *Scratching/muting*
 - Patróns de acompañamento.
 - Movemento, enlace e ornamentación dos acordes.
 - *Slides* e redobles.
- Lectura a primeira vista.



- Adestramento do oído: transcripción de temas e cancións.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Análise dos xéneros e intérpretes máis representativos en diferentes formatos de audio e vídeo.
- Tipos principais de guitarras eléctricas: diferenzas, materiais, prestacións e aplicacións.
- Obtención do son: ecualización e configuración do equipo para adaptarse ás necesidades sonoras de cada situación musical e cada estilo.
- Uso e función dos efectos para guitarra: octavadores, *wah-wah*, *pitch shifters* e *filters*.

6.5.3. Avaliación

O profesorado avaliará ao seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso do alumnado ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

6.5.4. Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuadas as exixencias da execución instrumental coa guitarra eléctrica
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas da guitarra eléctrica e autonomía para usalas segundo as necesidades técnicas e interpretativas de cada situación musical concreta.



- Crear e improvisar liñas melódicas ou *licks* e acompañamentos de acordo o estilo de cada xénero musical da música moderna e o *jazz* aplicando os coñecementos técnico-instrumentais e teórico-harmonicos e amosando creatividade.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e na lectura de cifrado americano e *leadsheets* adecuado ao seu nivel.
- Interpretar obras, cancións ou temas instrumentais dos diferentes xéneros que conforman a música moderna e o *jazz* de acordo ao seu estilo.
- Interpretar de memoria obras, cancións ou temas instrumentais do repertorio solista.
- Interpretar en público un programa axeitado ao seu nivel amosando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Mostrar interese por coñecer os diferentes xéneros da música moderna e o *jazz*.
- Utilizar as posibilidades técnicas do instrumento, os accesorios, os efectos, os materiais de amplificación e de ecualización adaptándose ás necesidades de cada situación musical concreta.

6.5.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de estilo *blues*).
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Improvisar sobre un *blues* de 12 compases.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

2ª Avaliación



- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de estilo *funk*).
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Realizar un acompañamento en estilo *funky* usando as técnicas e os patróns rítmicos propios do xénero.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de *fingerstyle*).
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Coñecer as posición da escala menor harmónica.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

6.5.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.



6.5.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------

A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

6.5.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.5.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para o alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser



superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.

6.5.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.5.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De estre eses contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.5.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)



- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Funk Guitar. The Essential Guide” Ross Bolton (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Rhythm Guitar” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Guitar Soloing” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Fingerpicking Blues” Arr. Chad Johnson (Ed. Hal Leonard)

6.5.13. Repertorio orientativo

▪ Jazz	
“Take the A-Train”	Billie Strayhorn
“All of me”	Gerald Marks
“Blue Monk”	Thelonious Monk
“Mac the knife”	Kurt Weill
▪ Blues	
“Good news” (1957)	Muddy Waters
“Cold shot” (1984)	Stevie Ray Vaughan
“The house is rocking” (1988)	Stevie Ray Vaughan
▪ Funk/Soul/Disco/R&B	
“Uptown funk” (2014)	Bruno Mars
“Good times” (1979)	Chic
“Boogie nights” (1976)	Heatwave
“Moves like Jagger” (2010)	Maroon 5



“We are family” (1979) “Knock on wood” (1966) “I wish” (2016) “December, 1963” (1975)	Sister Sledge Otis Redding Tom Misch The Four Seasons
■ Pop	
“Stand by me” (1997) “Helter Skelter” (1968) “Don’t let me down” (1970) “Back in the U.S.S.R.” (1965) “Brass in the pocket” (1979)	Oasis The Beatles The Beatles The Beatles The Pretenders
■ Rock	
“Let’s get it up” (1980) “You shook me all night long” (1980) “Eye in the sky” (1982) “Be yourself” (2005) “Heaven’s dead” (2005) “I think I like it” (1986) “Badge” (1969) “Sunshine of your love” (1967) “Blue suede shoes” (1956) “All my life” (2002) “Don’t stop believing” (1981)	AC/DC AC/DC Alan Parsons Project Audioslave Audioslave Boston Cream Cream Elvis Presley Foo Fighters Journey



“Maneras de vivir” (1981) “Boys are backing town” (1976) “Tush” (1975)	Leño Thin Lizzy ZzTop
▪ Heavy Metal	
“Sweet child o´mine” (1987) “Children of the damned” (1982) “Enter sandman” (1991)	Guns´n´Roses Iron Maiden Metallica
▪ Fingerpicking	
“Darlin´ you know I love you” (1952) “Best Part” (2017) “Dust in the wind” (1977) “Time in a bottle” (1973)	B. B. King (Arr. C. Johnson) Daniel Caesar Kansas Jim Croce

6.6. Curso: 2º Grao Profesional

6.6.1. Obxectivos

- Desenvolver progresivamente as diferentes técnicas da guitarra eléctrica facendo uso das posibilidades expresivas do instrumento e perfeccionando gradualmente a calidade sonora.
- Desenvolver a velocidade e traballar o mecanismo e a sincronización das dúas mans.
- Coñecer as características técnicas, estilísticas, harmónicas e formais dos diferentes xéneros da música moderna e o *jazz*.



- Ser capaz de crear acompañamentos, líneas melódicas e *licks* propios de acordo as características estilísticas de cada xénero musical, usando adecuadamente os coñecementos técnico-instrumentais e teórico-harmónicos.
- Adquirir as competencias necesarias e os coñecementos harmónicos para improvisar nos diferentes xéneros musicais segundo o seu propio estilo e as súas características idiomáticas.
- Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Interpretar un repertorio composto por obras representativas dos diferentes estilos de dificultada adecuada a este nivel, amosando sensibilidade e capacidade expresiva tanto na interpretación como na improvisación.
- Interpretar con fluidez partituras, guións e *lead sheets* axeitados ao nivel.
- Valorar os diferentes xéneros musicais que forman parte da música moderna e o *jazz* e coñecer a historia e evolución do instrumento e as súas características en relación coa a evolución dos mesmos.
- Coñecer as características técnicas do instrumento e os seus accesorios, pedais, materiais de amplificación e de ecualización e as posibilidades sonoras que ofrecen.

6.6.2. Contidos

- Desenvolvemento da independencia e coordinación das dúas mans de forma progresiva mediante exercitacións mecánicas.
- Técnica man dereita:
 - Iniciación ao *sweep picking*.
 - *Pitch-harmonics* e *tap-harmonics*.
 - *Hybrid picking*.
 - *Fingerpicking*.



- Técnica man esquerda:
 - Ornamentación: trino, apoiatura e mordente.
- Acordes:
 - Acordes *7sus*, *6* e *m6*.
 - Voicings:
 - R37
 - *Drop 2*: acordes *7sus*, *6*, *m6*, acordes con #5 e tensións 11, 13 e *b13* estado fundamental en rexistro grave.
 - *Drop 3*: *7sus*, *6*, *m6*, acordes con #5 e tensións 9, *b9*, #9, 11, 13 e *b13* en estado fundamental e inversións en rexistro agudo e intermedio.
- Escalas:
 - Escala menor melódica e modos derivados
 - Sistema de posicións. Conexión de posicións ao longo do diapasón.
- Cifrado americano e a lectura de *lead sheets*.
- Coñecemento progresivo das características estilísticas do *Pop* e o *Rock*.
- *Blues*:
 - *Minor blues*
 - *Latin blues*
 - *Blues ballads*
 - *Straight 8th blues*: *funk*, *soul blues*.
 - Outras estruturas: *blues* de 16 compases, de 8 compases, *blues with a bridge*.
- *Jazz*:
 - Iniciación ao *latin jazz*: *bossa nova*.



- Fraseo de *jazz*.
- *Comping* e *voice leading*.
- Iniciación ao cromatismo: aproximacións cromáticas.
- O acorde interpolado.
- Modalidades adicionais a tonalidade:
 - O acorde suspendido *V7sus4*.
 - O acorde *#IVm7b5*.
 - O acorde *bVII*.
- Interpretación de *standards* e improvisación sobre as súas progresións harmónicas.
- *Funk*:
 - A guitarra no *funk*, o *soul*, o *R&B* e a música *disco* e a fusión dos diferentes estilos.
 - Técnicas de acompañamento:
 - *Grooves* dunha soa liña:
 - *Muted lines*
 - *Skank sound (slap/muting)*.
 - *Riffs*.
 - *Grooves* combinados.
 - O *funky* con *swing*.
 - *Funky shuffle*.
 - A guitarra solista no *funky*
- Lectura a primeira vista.
- Adestramento do oído: transcripción de temas e cancións.



- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Análise dos xéneros e intérpretes máis representativos en diferentes formatos de audio e de vídeo.
- Obtención do son: ecualización e configuración do equipo para adaptarse as necesidades sonoras de cada situación musical e cada estilo.
- Uso e función dos efectos para guitarra: *fuzz* (*fuzzface*, *tonebender* e *big muff*).
- Axustes básicos da guitarra: quintaxe.

6.6.3. Avaliación

O profesorado avaliará ao seu alumnado tendo en conta os obxectivos, os criterios de avaliación e os mínimos esixibles establecidos nesta programación para o seu curso. A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesorado valorará de forma constante o progreso dos alumnado ao longo de todo o curso, así como as probas realizadas, a súa asistencia e actitude.

Dada a progresividade da materia, a atención personalizada do alumnado na mesma, e a aplicación da avaliación continua, a cualificación en cada trimestre representará a valoración do progreso realizado ata ese momento. Polo tanto, a cualificación obtida no terceiro trimestre será a cualificación final do curso.

6.6.4. Criterios de avaliación

- Utilizar o esforzo muscular, a respiración e a relaxación adecuadas as exixencias da execución instrumental coa guitarra eléctrica
- Demostrar o coñecemento dos recursos e técnicas da guitarra eléctrica e autonomía para usalas segundo as necesidades técnicas e interpretativas de cada situación musical concreta.
- Crear e improvisar liñas melódicas ou *licks* e acompañamentos de acordo o estilo de cada xénero musical da música moderna e o *jazz* aplicando os coñecementos técnico-instrumentais e teórico-harmonicos e amosando creatividade.



- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Demostrar solvencia na lectura a primeira vista e na lectura de cifrado americano e *leadsheets* adecuado ao seu nivel.
- Interpretar obras, cancións ou temas instrumentais dos diferentes xéneros que conforman a música moderna e o *jazz* de acordo ao seu estilo.
- Interpretar de memoria obras, cancións ou temas instrumentais do repertorio solista.
- Interpretar en público un programa axeitado ao seu nivel amosando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Mostrar interese por coñecer e apreciar os diferentes xéneros da música moderna e o *jazz*.
- Utilizar as posibilidades técnicas do instrumento, os accesorios, os efectos, os materiais de amplificación e de ecualización adaptándose as necesidades de cada situación musical concreta.

6.6.5. Mínimos esixibles

1ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de estilo *blues*).
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Improvisar sobre un *blues menor* de 12 compases.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

2ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de estilo *straight eighth blues*).



- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

3ª Avaliación

- Interpretar un mínimo de tres obras, cancións ou temas instrumentais (incluíndo un de estilo *jazz* e outro de *funk*).
- Transcribir un tema instrumental ou canción.
- Improvisar usando a escala maior e os seus modos e a escala pentatónica sobre unha progresión de acordes adecuada ao nivel.
- Realizar un acompañamento dunha liña en estilo *funky* usando as técnicas e os patróns rítmicos propios do xénero.
- Coñecer as posición da escala menor melódica.
- Ler cifrado americano adecuado ao nivel.

6.6.6. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Control individual da aprendizaxe mostrada nas clases semanais.
- Seguimento do rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través das probas obxectivas deseñadas dende a especialidade.
- Exposición pública do traballo realizado mediante a participación nas audicións.

6.6.7. Criterios de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta a seguinte ponderación:

Proba de aula 50%	Proba específica 30%	Audición 20%
-------------------	----------------------	--------------



A *proba de aula* consiste na avaliación semanal dos progresos do alumnado e do traballo na aula durante a clase semanal. O profesor pode non avaliar algunha das sesións por motivos xustificadas.

A *proba específica* consiste na avaliación de contidos concretos tanto teóricos (intervalos, acordes, voicings...) como prácticos (repertorio, lectura...). Poden realizarse diferentes probas específicas ao longo da avaliación.

No caso de que o alumno/a, só por motivos debidamente xustificadas, non puidera realizar algún dos apartados anteriores, dito apartado quedará excluído da ponderación e a porcentaxe do resto de apartados expandirase proporcionalmente.

6.6.8. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para solicitar a concesión de ampliación de matrícula nesta materia o alumnado deberá demostrar capacidade de traballo para o aproveitamento da ampliación así como ter superados os obxectivos e os contidos do curso antes da reunión da comisión que elevará dita solicitude ao consello escolar quen poderá conceder a dita ampliación.

6.6.9. Medidas de recuperación

Dado o carácter progresivo da materia, tendo en conta a atención individualizada na mesma e a aplicación da avaliación continua, a recuperación das avaliacións suspensas integrarase dentro das actividades e probas programadas na seguinte avaliación ou poderá contemplar actividades de reforzo dos aspectos que precisen mellora. Deste xeito, as avaliacións que no foran cualificadas positivamente consideraranse aprobadas se o alumno/a obtivera cualificación positiva na seguinte avaliación.

Para o alumnado que teña a materia pendente de cursos anteriores realizarase un plan de traballo específico que contemple os obxectivos e contidos que aínda precisen ser superados ou mellorados e que poderá constar de actividades de reforzo, modificación das probas do curso ou probas complementarias.



6.6.10. Procedementos de recuperación ordinarios

Os alumnos que non poidan ser avaliados de maneira continua poderán realizar unha proba de avaliación puntual na que terán que demostrar acadar os mínimos esixibles contemplados para o curso. A proba realizarase sempre antes da avaliación do terceiro trimestre e no horario de clase do alumno.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.6.11. Probas extraordinarias de setembro

O alumnado que non obtivo unha cualificación positiva na avaliación de xuño poderá realizar a proba extraordinaria de setembro presentando, polo menos, os contidos do apartado *Mínimos esixibles*. De entre estes contidos o alumno ou alumna interpretará dúas cancións ou temas instrumentais, unha escala a elección do profesor e realizará un acompañamento a partir dun *lead sheet* proporcionado polo profesorado.

A cualificación da proba obterase tendo en conta a seguinte ponderación:

Técnica 25%	Expresividade 25%	Preparación 40%	Lectura a vista 10%
-------------	-------------------	-----------------	---------------------

6.6.12. Recursos didácticos

- “A Modern Method For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Melodic Rhythms For Guitar” William Leavitt (Ed. Berklee Press)
- “Rhythm Guitar. The Essential Guide” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Funk Guitar. The Essential Guide” Ross Bolton (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Essential Rhythm Guitar” Steve Trovato (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Guitar Basics” Bruce Buckingham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Blues Rhythm Guitar” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)



- “Blues Guitar Soloing” Keyth Wyatt (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)
- “Latin Guitar” Bruce Buckinham (Musician Institute Press, Ed. Hal Leonard)

6.6.13. Repertorio orientativo

▪ Jazz	
“Autumn Leaves”	Johnny Mercer
“Freddie Freeloader”	Mile Davis
“Gentle Rain”	Luiz Bonfa
▪ Blues	
“The blues had a baby and they named it rock´n´roll” (1977)	Muddy Watters
“Mary had a little lamb” (1983)	Stevie Ray <u>Vaughan</u>
▪ Funk/Soul/Disco/R&B	
“Pick up the pieces” (1974)	Average White Band
“Treasure” (2012)	Bruno Mars
“Freak out” (1978)	Chic
“Bad girls” (1978)	Donna Summer
“Shining star” (1973)	Earth, Wind & Fire
“Dancing machine” (1973)	Jackson 5
“Get up” (1970)	James Brown
“(Sittin´ on) The dock of the bay” (1965)	Otis Reading
“Brick house” (1977)	The Commodores



"It runs through me" (2018)	Tom Mlsch
■ Pop	
"Magic pie" (1997)	Oasis
"While my guitar gently weeps" (1968)	The Beatles
■ Rock	
"Back in black" (1980)	AC/DC
"Walk these way" (1975)	Aerosmith
"Heat of the moment" (1982)	Asia
"Yesterday to tomorrow" (2005)	Audioslave
"My hero" (1997)	Foo fighters
"Fire" (1967)	Jimi Hendrix
"Manic depression" (1967)	Jimi Hendrix
"Lights" (1978)	Journey
"Trapped in toyland" (1996)	Mr.Big
"First it giveth" (2002)	Queens of the Stone Age
"Waiting for an alibi" (1979)	Thin Lizzy
■ Heavy Metal	
"It's so easy" (1987)	Guns'n'Roses
"The ides of march" (1981)	Iron Maiden
■ Fingerstyle	



“Change the world” (1996)	Eric Clapton
“Blackbird” (1968)	The Beatles



7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, o profesorado revisará de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos do alumnado, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos como as características individuais de cada un dos alumnos e alumnas: avaliación inicial, atención nas clases, tempo adicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc.

O profesorado informarán ao alumnado e aos seus pais e nais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc. Todo iso tendo en conta o grao de compromiso co estudo do alumnado, facultades, talento, esforzo, interese no estudo do instrumento, etc. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos, unificando criterios para obter o óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos e alumnas.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, teranse en conta e de forma moi destacada os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistrais,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores/as axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte do profesorado, etc. En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita ao profesorado e alumnado levar a cabo os obxectivos expostos na programación.



9. ANEXOS

9.1. Probas de acceso 1º de grao profesional

Disposicións xerais para as probas de acceso

- O listado de obras das probas de acceso componse de 3 temas obrigatorios para todos os aspirantes e que serán interpretados co acompañamento dun *backing track*. Estes son:
 - Freddy King - *Hide Away* (1961). Interpretación da parte completa de guitarra eléctrica.
 - The Beatles - *Drive My Car* (1965). Interpretación da parte completa de guitarra eléctrica, incluído o solo.
 - Black Sabbath - *Paranoid* (1970). Interpretación da parte completa de guitarra eléctrica, incluído o solo.
- O tribunal aportará as bases de acompañamento dos 3 temas.
- O tribunal aportará un amplificador valvular cun so canal limpo e un cable jack, así como unha regleta de enchufes. O aspirante deberá aportar o resto de material que necesite (guitarra, pedais, afinador, cables...).

9.1.1. Contidos

- Interpretación sobre unha base gravada das 3 obras obrigatorias. Deben ser as versións indicadas nas disposicións xerais (artista e ano de publicación). O repertorio deberá ser interpretado de memoria.
- Lectura a 1ª vista dunha partitura consistente nunha liña melódica axeitada ao nivel que será proporcionada polo tribunal.
- Realización dun acompañamento improvisado a partir dun “lead sheet” aportado polo tribunal. A/o aspirante deberá demostrar o coñecemento do cifrado americano, empregando acordes e posicións/voicings recollidos na programación até o curso anterior ao que se presenta. A/o aspirante poderá



utilizar todo tipo de métodos de acompañamento (rasgueado, *finger picking*, arpexios...).

- Realización dunha improvisación sobre unha estrutura de *blues* de 12 compases empregando a escala pentatónica.
- Demostración práctica de coñecementos específicos sobre escalas, arpexios e acordes que formen parte dos contidos dos cursos anteriores de Grao Elemental.
- Demostración da capacidade auditiva para poder reproducir no instrumento unha melodía previamente dada.

9.1.2. Criterios de avaliación e cualificación

O alumnado aspirante deberá amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ao que se presenta a través da interpretación das obras e as restantes partes da proba. Tamén deberá demostrar conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado e unha calidade de son acorde co nivel do curso ao que accede.

Ponderación das diferentes partes da proba:

- Interpretar as 3 obras obrigatorias. (50%)
- Ler a 1ª vista unha liña melódica. (15%)
- Realizar un acompañamento improvisado a partir dun “lead sheet” aportado polo tribunal. (15%)
- Realizar unha improvisación sobre unha estrutura de *blues* de 12 compases empregando a escala pentatónica. (10%)
- Demostrar de forma práctica coñecementos específicos sobre escalas, arpexios ou acordes que formen parte dos contidos dos cursos anteriores de Grao Elemental. (5%)
- Amosar a capacidade auditiva para poder reproducir no instrumento unha melodía previamente interpretada polo tribunal. (5%)



9.2. Probas de acceso a 2º, 3º e 4º de grao elemental

Disposicións xerais para as probas de acceso

- O listado de obras das probas de acceso ten carácter orientativo, admitirase todo tipo de canción ou tema instrumental de características similares.
- O tribunal aportará as bases de acompañamento das obras da lista orientativa. En caso de concorrer á proba de acceso con obras, cancións ou temas instrumentais non presentes neste listado, o/a aspirante deberá aportar as bases de acompañamento das obras en formato mp3. Permítese tocar a *capella*.
- O tribunal aportará un amplificador valvular cun único canal de sonido limpio (sen distorsión) e un cable jack, así como unha regleta de enchufes. A/o aspirante deberá a portar o resto de materiais (guitarra, pedais, afinador, cables...) que necesite.

9.2.1. Contidos

- Interpretación dúas obras, cancións ou temas instrumentais editadas ou transcritas de diferentes estilos dunha dificultade axeitada ao nivel (ver repertorio orientativo do curso anterior ao que se presenta).
- Realización dun acompañamento improvisado a partir dun “lead sheet” aportado polo tribunal. A/o aspirante deberá demostrar o coñecemento do cifrado americano e os acordes e as posicións/voicings recollidos na programación ata o curso anterior ao que se presentan. A/o aspirante deberá poder utilizar todo tipo de métodos de acompañamento (rasgueado, acordes placados, arpexios...).
- Lectura a primeira vista dun fragmento aportado polo tribunal axeitado.



9.2.2. Criterios de avaliación e cualificación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta. [50%]
- Leer correctamente o fragmento musical aportado polo tribunal. [30%]
- Conseguir unha calidade e do son acorde co nivel do curso ao que se accede. [10%]
- Ter conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado na proba. [10%]

9.3. Probas de acceso a 2º de grao profesional

Disposicións xerais para as probas de acceso

- O listado de obras das probas de acceso ten carácter orientativo, admitirase todo tipo de canción ou tema instrumental de características similares.
- O tribunal aportará as bases de acompañamento das obras da lista orientativa. En caso de concorrer á proba de acceso con obras, cancións ou temas instrumentais non presentes neste listado, o/a aspirante deberá aportar as bases de acompañamento das obras en formato mp3.
- O tribunal aportará un amplificador valvular cun único canal de sonido limpo (sen distorsión) e un cable jack, así como unha regleta de enchufes. A/o aspirante deberá a portar o resto de materiais (guitarra, pedais, afinador, cables...) que necesite.

9.3.1. Contidos acceso a 2º de grao profesional

- Interpretación sobre unha base grabada de tres obras, cancións ou temas instrumentais editadas ou transcritas de diferentes estilos dunha dificultade axeitada ao nivel (ver repertorio orientativo do curso anterior ao que se presenta). Unha das obras debe ser un standard de *jazz* e interpretárase a



melodía, unha volta (como mínimo) de solo, unha volta (como mínimo) de *comping* e melodía final.

- Unha das obras deberá ser interpretada de memoria.
- Lectura a 1ª vista dunha partitura axeitada ao nivel proporcionada polo tribunal.
- Realización dun acompañamento improvisado a partir dun “lead sheet” aportado polo tribunal. A/o aspirante deberá demostrar o coñecemento do cifrado americano e os acordes e as posicións/voicings recollidos na programación ata o curso anterior ao que se presentan. A/o aspirante deberá poder utilizar todo tipo de métodos de acompañamento (rasgueado, acordes placados, arpexios...).

9.3.2. Criterios de avaliación e cualificación

- Amosar un nivel instrumental e musical que se corresponda cos obxectivos e contidos do curso inmediatamente anterior ó que se presenta. [50%]
- Leer correctamente a partitura proporcionada polo tribunal. [30%]
- Conseguir unha calidade e do son acorde co nivel do curso ao que se accede. [10%]
- Ter conciencia das características estilísticas na interpretación do repertorio presentado na proba. [10%]